

“As Bolboretas da Memoria”

PROXECTO INTERCENTROS BASEADO NO

“X FESTIVAL INTERNACIONAL DE XARDÍNS DE ALLARIZ”

TEMÁTICA: “O VALOR DA EDUCACIÓN E DOS MESTRES”



IES ALLARIZ

CEIP PADRE FEIJOO DE ALLARIZ

CEIP PADRE CRESPO DE XUNQUEIRA DE AMBÍA

PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS baixo a Coordinación (ou coa participación) da BIBLIOTECA ESCOLAR en Centros Públicos non universitarios **CURSO 2018-2019**

MODALIDADE: 3. Proxectos de investigación intercentros, promovidos desde as bibliotecas de ata un máximo de tres centros de ensino co fin de desenvolver un proxecto común, de temática xeral ou científica.

A) INTRODUCCIÓN

Xustificación e planificación con referencia aos contidos curriculares, criterios e estándares de avaliación, así como competencias clave a desenvolver a través do proxecto; calendario para as tarefas previstas, alumnado e profesorado participante, organización para a súa realización...

O desenvolvemento curricular galego reconece a necesidade de incorporar metodoloxías por proxectos ás prácticas docentes. O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, recolle varias referencias a estas metodoloxías. Tendo en conta estes supostos pedagóxicos e legislativos, propuxémonos para este curso o reto de facer un **Proxecto Intercentros** participando nunha iniciativa innovadora e motivadora que leva a cabo o Concello de Allariz desde hai 10 anos: o “**Festival Internacional de Xardíns**” que este ano ten como temática “**O cine**”, tema interdisciplinar e que ofrece moitas posibilidades de traballo.

Partíuse da película “**A lingua das bolboretas**” dirixida por **J.L.Cuerda**, baseada ,á súa vez, na obra literaria “**Que me queres amor?**” Do autor **Manuel Rivas**, debido a varios motivos: A maior parte da película está rodada en Allariz e Xunqueira, as 2 vilas nas que están ubicadas os 3 centros escolares, polo que iso resulta moi motivador para o profesorado e, sobre todo para o alumnado xa que se ven identificados co lugar no que se desenvolve a historia. Neste curso cúmprese o 20 aniversario da estrea da película, polo que é un xeito de homenaxeala e unha oportunidade para que **Manuel Rivas**, visite Allariz e a razón máis importante desde o punto de vista educativo, é que esta película está cargada de valores transversais que nos permiten traballar moitos contidos presentes nos diferentes niveis educativos.

Tomando como eixo estas ideas, cada centro fixo as súas achegas ao proxecto, dando como resultado un traballo común no que a Biblioteca Escolar tivo un papel importante como centro de coordinación e documentación así como lugar de traballo e exposición do proxecto.

Os aspectos básicos do proxecto consisten en representar unha “**Escola Unitaria**” (unificación de primaria e secundaria), o mundo do “**cine**” a través de fotogramas da película instalados no xardín e, finalmente, como fío de unión de todo o anterior, facer unha **homenaxe á figura do “docente”**.

No IES de Allariz, o proxecto incluíuse nun Seminario de Traballo “*Novas metodoloxías pedagóxicas*” no que participaron 15 profesores de distintos departamentos didácticos (*L.Galega, L.Española, Filosofía, Bioloxía e Xeoloxía, Orientación, Francés, Tecnoloxía, E. Plástica,*) que traballaron co alumnado de distintos niveis desde 1º ESO a 2º de bacharelato, realizando diversas actividades.

Debido á amplitude de contidos traballados e á diversidade de materias que se inclúen neste proxecto, consideramos necesario relacionar os diferentes contidos coa súa correspondente actividade e vinculados aos correspondentes estándares de aprendizaxe e co o obxectivo de afondar na formación e adquisición das seguintes **competencias clave**:

- 1. Competencia en Comunicación Lingüística**, a través da exposición oral e escrita de todos os traballos realizados polo alumnado, charlas e debates que tiñan relación co tema.
- 2. Competencia matemática, científica e tecnolóxica**: na elaboración de gráficos e traballos de investigación sobre aspectos de ciencia (estudo de tipos de bolboretas de Galiza, anatomía...)
- 3. Competencia dixital**: empregáronse as TIC para obter e producir información nas presentacións, elaboración de vídeos, código QR...e outros materiais que se foron elaborando.
- 4. Aprender a aprender**: na investigación e busca de información en distintas fontes e posterior elaboración e exposición de traballos a outro alumnado do centro.
- 5. Competencia social e cívica** é unha das máis importantes polo sentido que ten este proxecto como homenaxe á figura dos Mestres e Mestras. Traballáronse valores como (solidariedade, respecto...).
- 6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor** a través do desenvolvemento de habilidades para converter ideas en actos e a creatividade para planificar e xestionar actividades propias.
- 7. Conciencia e expresións culturais**: a través da realización de actividades creativas onde se empregou a música, artes plásticas e escénicas (Roteiro literario, Grupo de Teatro...).

Para a realización das tarefas elaboramos un **Calendario**, en coordinación cos centros de primaria:

1º Trimestre:

- Proposta do Concello aos centros escolares de participar na X edición do “Festival de Xardíns”.
- 1º reunión dos 3 centros para elaborar unha programación conxunta na que se inclúe o proxecto.
- Inicio dun Seminario de traballo no IES sobre “*Novas metodoloxías pedagóxicas*” de 40 horas que se estrutura do seguinte xeito: **8 horas de docencia e o resto repártese en sesión de traballo grupal e individual.** A **docencia** impártese en 3 sesións, as 2 primeiras os días **15/01/2019, 22/01/2019** e terceira no mes de maio, unha vez realizado e presentado o proxecto (12 maio): **21/5/2019**. Fanse 2 reunións grupais para pór en común ideas. Ademais creouse un documento a través de google drive e un grupo de Whatsapp como vía de comunicación onde se ían volcando fotos de traballos realizados e tamén propostas que logo serían postas en común nas reunións grupais que se levaron a cabo os días **14/3/19 e 7/5/2019**.

2º/3º Trimestre:

- Realización do traballo de xeito individual por parte de cada profesor co seu grupo-clase .
- Inauguración do “X Festival internacional de Xardíns” o **12 de maio**. Nos centros escolares, no obstante, a finalización do proxecto é máis tarde, xa que na última semana de maio (**27-31**) organízase unha **Semana Artístico-literaria**, que terá 2 momentos importantes: **28 e 31 de maio**.

Ao inicio **do 2º trimestre**, faise unha reunión cos colexios de primaria e plantéxase a idea xeral do proxecto que é aceptada, e organízanse as tarefas das que se vai ocupar cada centro escolar dentro do proxecto. Houbo unha nova reunión de coordinación a finais de abril para ultimar os detalles da montaxe da parcela e a organización dunha Semana artístico-cultural do 27 ao 31 de maio.

A finais de xuño, reúnen-se de novo os representantes dos 3 centros para facer unha avaliación do proxecto e doutras actividades realizadas de xeito conxunto ao longo do curso e, ante a boa acollida que tivo entre toda a comunidade educativa e as entidades culturais da contorna decídese presentar este proxecto ao **VI Concurso de traballos por proxectos**.

B) TEMÁTICA : “ O valor da educación e da figura do docente”

C) DESCRICION DO PROCESO E ELABORACIÓN DO PROXECTO.

A idea básica da que parte o proxecto consiste no deseño da parcela na que se representa unha escola unitaria, na que aparezan elementos referidos á película e a homenaxe da figura do docente.

DESENVOLVENTO DO PROXECTO: “As bolboretas da Memoria”

Durante o 2º trimestre, despois de recibir a formación teórica no curso, repartíronse tarefas entre o profesorado coa finalidade de traballar co alumnado contidos curriculares de cada materia vencellados ao proxecto, (*deseño parcela, vídeos, materias decorativos, charlas, murais...*).



No 3º trimestre, o Concello ponse en contacto co centro para ultimar os detalles da parcela do xardín. Achega os materiais necesarios para montala. Esta tarefa realízase ao longo do mes de abril (preparación da parcela). Na 1ª semana de maio teñen que estar listos todos os materiais e traballos elaborados polos centros escolares para rematar a montaxe da parcela.



O día **12 de maio** foi a inauguración do “X Festival Internacional de Xardíns” ao que foron convidados todo o profesorado e alumnado dos centros escolares, que puideron disfrutar dun paseo polo festival e de actuacións musicais e unha posterior merenda como remate do traballo.



O resultado final foi unha parcela no que están presentes fisicamente 4 elementos fundamentais (**cine, escola, bolboretas, historia**).



Este proxecto tamén está vinculado a varias actividades extraescolares (saídas didácticas, exposicións...). Ademais, elaboráronse outros materiais que quedaron nos respectivos centros (debuxos feitos sobre obras de Manuel Rivas, carteis sobre as bolboretas,...).



No noso centro, **realizáronse as seguintes actividades incluídas** no proxecto.

1. O día **10 de xaneiro**, o alumnado de 4º de ESO visitou **MUPEGA** e a exposición “**A derradeira lección do Mestre**” en **Santiago de Compostela** (fixo ademais un “roteiro matemático” pola cidade), **organizado polo departamento de L.Galega**.



2. - Desde o Departamento de Filosofía organizouse unha exposición de **Alexandre Bóveda** e charla co seu neto, **Valentín Bóveda** o día **21 de maio** co alumnado de **1º de Bac. e 4º de ESO**, e cun profesor xubilado do noso centro, **José Luis Quintana Bouzas** coñecido por “**Pilís**” que **contou a historia dun tío seu, mestre republicano que foi asasiñado con 26 anos polas súas ideas**.



3. **IES Bande:** Discurso sobre a importancia dos Mestres



4. **IES Celanova.** Retrato de Rivas de neno.



5. **IES Allariz.** Interpretación “Orquestra Azul”



6. **IES Viana do Bolo.** Representación mímica da Morte dun

Mestre



7. **IES Ferro Couselo** “Debate sobre o “cartel” da película



8. **IES Blanco Amor:** “Recita un poema. Escena do inferno”



9. **IES Cidade de Antioquía:** “Retrato da chinesa”




10. **IES Allariz.** Vídeo presentación de Manuel Rivas



B) Encontro con Manuel Rivas na Casa da Cultura de 12:00 a 13:00 co alumnado dos centros escolares de secundaria que realizaron o roteiro e tamén co alumnado de 5º de primaria do CEIP Padre Feijoo que se incorporou á actividade. Fóronlle entregados varios agasallos por parte dos representantes dos centros escolares (alumnos e profesores) e presentáronse, ante o autor, escenas da película relacionadas co roteiro.



C) 13:30-14:30. Roteiro polos espazos de Xunqueira de Ambía onde foi rodada a película, esta vez protagonizado polo alumnado de Xunqueira de Ambía que recibiu o autor representando a escena da **“Festa da República”** no mesmo lugar onde se rodara. A continuación, Manuel Rivas disfrutou dun xantar “escolar” na biblioteca do colexio de Xunqueira e tralo cal, o alumnado e profesorado presentáronlle traballos que realizaran sobre el e os seus libros. Tamén se fixo unha visita guiada pola Colexiata de Xunqueira, onde o autor puido ver algúns dos materiais que se presentaron posteriormente, o día 31 de maio na Entrega de Premios do Certame Literario.



D) 18:00-19:30. Manuel Rivas visita o **“Festival de Xardíns”**, acompañado polas autoridades locais e o profesorado e alumnado que participou no proxecto e deixa a súa pegada cunha dedicatoria persoal.



E) 19:30: Encontro con Manuel Rivas no espazo **Ben Común**, aberto a todo o mundo e no que **puidemos disfrutar dunha charla co autor sobre a súa vida e traxectoria literaria.**

A xornada rematou ás 20:30 cun autor ledo, cheo de agasallos e cremos que cun bo recordo de Allariz e Xunqueira.



2. Día 31 de maio. Entrega de premios do Concurso “Falando de Solidariedade” coa temática de “As mestras e os mestres: unha historia de vocación solidaria”.

Neste Certame resultaron premiados varios alumnos do *IES de Allariz e dos colexios CEIP Padre Crespo e CEIP Padre Feijoo*. Houbo un “premio” especial a un relato baseado nunha historia real dunha mestra que nos acompañou na entrega de premios e estaba moi emocionada. Esta actividade supuxo o remate desta semana artístico-cultural.



A entrega de premios, fíxose dentro dun programa de actividades de carácter musical e artístico dirixido a todo o público presente. Destacamos o recital da poetisa **Rosalía Fernández Rial** e as

charlas sobre “os mestres de Ourense” de **Xosé Manuel Cid e Rosa Cid Galante** dirixidas para o público adulto, e **xogos de maxia e xogos populares** dirixidos para o público máis novo.



Por outra banda, o claustro da Colexiata, estivo ambientado na reprodución dunha escola da República, adornados con fotos da gravación da Lingua das Bolboretas.



Todo remata cunha “**merenda solidaria**” cuxa recaudación vai destinada cada ano a unha asociación da zona. Este ano a recaudación foi moi boa (sobre 350 euros).

Esta actividade supuxo o remate desta semana artístico-cultural e tamén o fin do noso proxecto intercentros deste ano.

D) DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO

O **profesorado** recibiu a seguinte documentación: *Material teórico-práctico do Seminario de “Novas Metodoloxías Pedagóxicas”* ; *Guion de deseño e desenvolvemento do proxecto elaborado pola responsable da biblioteca escolar, presentado e aprobado nunha CCP e nun Consello Escolar*; *Guion do Roteiro artístico-literario, elaborado por José Luis Quintana Bouzas (guía do roteiro)*; *Guions das representacións teatrais, elaborado pola directora do grupo de teatro, Ángeles Álvarez*; *presentación en power point elaborado polo profesor de bioloxía, recopilando a información recollida polo alumnado de 1º ESO e que serviu como base de traballo para a realización do mural sobre as especies de bolboretas*

realizado polo alumnado de 1º BAC; película “A lingua das bolboretas”; vídeos elaborados polos departamentos de Linguas sobre a obra...

A documentación para o **alumnado** eran as *enciclopedias, webs e libros* que iamos empregando na biblioteca e nas distintas materias e áreas a partir dos traballos e que se expoñen na bibliografía.

E) TAREFAS REALIZADAS POLO ALUMNADO NO PROXECTO.

1. *Deseño da estrutura da parcela por parte do alumnado e profesorado de TIC (1º BACH). Contidos:*

Bloque 3 “Organización, deseño e produción de información dixital” (B3.1/B3.2/B3.5/B3.6), Bloque 5 “Publicación e difusión de contidos” (B5.1/B5.4/B5.5)

2. *Investigación sobre os “mestres que sufriron persecucións durante a Guerra Civil e o Franquismo” e elaboración de placas de lousa cos nomes dos “mestres asasinados polo fascismo en Galicia” e sobre os “campos de concentración de Galicia” que foron colocados na parcela do Festival de Xardíns (Filosofía 4º ESO/1º BAC). Filosofía (1º Bach) Bloque I “Contidos transversais” (B1.1/B1.3) Filosofía (4º ESO) Bloque I “A filosofía” (B1.2/B1.3)*

3.- *Análise de textos e lecturas de obras literarias (Que me queres amor? , Agosto do 36) baseadas na época da República-Guerra Civil Española e Ditadura Franquista. (L.Galega 4º ESO). Bloque 1 “Comunicación oral: escoitar e falar” (B1.1/B1.2/B1.3/B1.4/B1.5), Bloque 2 “Comunicación escrita: ler e escribir” (B2.1/B2.2/B2.3/B2.4/B2.5) Bloque 4 “Lingua e sociedade” (B4.1/B4.2/B4.4/B4.5), Bloque 4 “Educación literaria” (B5.1/B5.2/B5.4/B5.5/B5.6)*

4- *Investigación sobre as principais especies de bolboretas existentes en Galicia, aspectos de anatomía interna (1º bac) e externa (1 ESO) das bolboretas e do ciclo biolóxico dos lepidópteros (Bioloxía e Xeoloxía 1º ESO). Contido: Bloque I “Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica” (B1.1/B1.2/B1.4) /Bloque 3 “A biodiversidade no planeta Terra” (B3.1/B3.2/B3.3/B3.4/B3.6/B3.7)*

5. *Elaboración dunha presentación en formato PREZI e posibilidade de consulta a través dun código QR na materia de TIC (1º bac) e deseño dun mural (1º bac) onde se representan algunha das principais*

especies que se atopan en Galicia partindo do traballo de investigación realizado polo alumnado de 1º ESO. **Contido: Bioloxía e Xeoloxía (1º BAC) Bloque IV: “A biodiversidade” (B4.1/B4.2/B4.4/B4.11), Bloque VI: “Os animais: funcións e adaptacións ao medio” (B6.1/B6.2/B6.3/B6.4/B6.5/B6.6/B6.7). Contidos TIC: Bloque 3 “Organización, deseño e produción de información dixital” (B3.1/B3.2/B3.5/B3.6), Bloque 5 “Publicación e difusión de contidos” (B5.1/B5.4/B5.5)**

6. - Elaboración de “memes” con mensaxes motivadoras a prol do Medio Ambiente (L. Galega 2º ESO) en traballos que foron expostos no centro: **Bloque 2 “Comunicación escrita: ler e escribir” (B2.3/B2.5)**

7.- Tradución dun fragmento do conto “A lingua das Bolboretas” a varios idiomas e a súa posterior lectura por alumnado que dominaba a lingua: tailandés, inglés, francés, alemán, portugués, galego, castelán, catalán (varios cursos) (L. Galega): **Bloque 3 “Funcionamento da lingua” (B3.10/B3.11)**

8. - Elaboración dun vídeo-presentación da vida e obra de Manuel Rivas (Lingua Galega 1º Bach) que foi empregado o día do encontro co autor. **Contidos TIC: Bloque 3 “Organización, deseño e produción de información dixital” (B3.1/B3.2/B3.5/B3.6), Bloque 5 “Publicación e difusión de contidos” (B5.1/B5.4/B5.5)**

9- “Montaxe” dunha escena da “Lingua das bolboretas” que inicia o Roteiro artístico-literario sobre “A lingua das bolboretas” por parte do Grupo de teatro do IES de Allariz, o día 28 de maio (L. Galega). **Bloque 5: “Educación literaria” (B5.4)**

10. Roteiro artístico-cultural sobre “A lingua das bolboretas” no que participan 7 centros escolares. (L. Galega). **1º BAC: Bloque 1 “Comunicación oral: escoitar e falar” (B1.1/B1.2/B1.3/B1.4, B1.7),**

11.- Adaptación teatral de varios cadros de distintas obras literarias (“O club dos poetas mortos”, “O baile”, “O mestre”, “A lingua das bolboretas”...) por parte do grupo de teatro o día 20 de Xuño como actividade final de curso. (L. Galega) **Bloque 5: “Educación literaria” (B5.4)**

12. Asistencia á charla sobre a figura de Alexandre Bóveda e a importancia dos mestres na época da República impartidas por Valentín Bóveda e José Luis Quintana Bouzas o día 21 de maio respectivamente,

*na materia de Filosofía (4º /1º Bacharelato).***Filosofía (1º Bach) Bloque I “Contidos transversais” (B1.1/B1.3)**

13. Análise e posterior comentario da exposición sobre Alexandre Bóveda por parte de distintos cursos (4º ESO, ..) nas materias de Lingua Galega Bloque I “Comunicación escrita: ler e escribir” (B2.4/B2.5)

14. Visita e ao MUPEGA e a exposición sobre “A derradeira lección do mestre” de Castelao (L.Galega 4º ESO)Bloque I “Comunicación escrita: ler e escribir” (B2.4/B2.5)

F) RECURSOS UTILIZADOS ASÍ COMO UNHA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN

RECURSOS: – Ferramentas de Google: correo electrónico, drive... – Móviles: ferramentas de comunicación, cámara fotográfica, vídeos, . – Pantallas dixitais – WeTransfer – Editores de vídeos: Movie Maker e iMovie – LibreOffice

FONTES: Bbiliotecas, internet, xornais, ...

BIBLIOGRAFIA:

- Que me queres amor? Autor: Manuel Rivas
- Bioloxía e Xeoloxía 1º Bac. Editorial SM xerme. Emilio Pedrinaci e outros. 2015
- Bioloxía e Xeoloxía 1º ESO. Editorial SM xerme. Emilio Pedrinaci e outros. 2015
- Guía das bolboretas de Galicia. Editorial Xerais. X.L. Iglesias e X.Ástor. 1992

WEBGRAFIA:

- https://es.wikipedia.org/wiki/Morfologia_de_los_insectos

- <https://diariodeunmedicodeguardia.blogspot.com/2009/12/memoria-politica-memoria-historica.html?m=1>
- <https://m.publico.es/politica/2013831/el-kilometro-cero-de-la-represion-franquista>
- <https://www.diariodepontevedra.es/articulo/noticias/alexandre-boveda-descansa-con-su-amor-/20090928105600175736.html>

G. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA, NO SEU CASO.

Ao ser un proxecto que implica o emprego da proxección pública dos traballos do alumnado e da imaxe do propio alumnado resulta imprescindible a implicación das familias. Tamén hai que destacar o apoio das direccións dos centros ao requirirse o uso da imaxe pública do alumnado, saídas extraescolares, custo económicos,... Hai que salientar a implicación do Concello de Allariz.

H. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.

O traballo ten unha difusión propia que é páxina web no que se pendura todo o realizado e 2 pantallas que existen no centro. Ademais é un proxecto que se presenta na CCP e no Consello Escolar. Difúndese información tamén entre as familias e solicítase permiso para a realización de actividades ou saídas relacionadas co proxecto. Emprégase como medio de difusión do proxecto entre o profesorado un grupo de whatsapp vencellado á biblioteca e tamén un grupo de AVISOS onde se van incluíndo todos os pasos que se realizan e convídase a todo o profesorado a participar nas actividades (inauguración do Festival, visita de Manuel Rivas...). Tamén se difunde o proxecto na prensa de forma impresa e dixital

I. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A valoración foi moi satisfactoria polo nivel de consecución dos criterios previamente seleccionados e recollidos na seguinte taboa:

INDICADORES DE LOGRO	1	2	3	4	5
Nivel de participación e interese do alumnado					•
Implicación do equipo docente					•
Implicación de recursos externos e institucións da contorna					•
Contribución ó desenvolvemento das competencias clave					•
Implicación da comunidade educativa.					•

K. O PAPEL DA BIBLIOTECA

A participación da Biblioteca no proxecto é ampla: propón a participación no Seminario e elabora o proxecto, participa nas reunións e na elección da temática obxecto do proxecto e colabora en todo o que se lle require, elabora actividades como o Roteiro Literario e o encontro con Manuel Rivas. Ademais, pon á disposición de profesorado e alumnado os materiais físicos e dixitais precisos para levar a cabo o proxecto. Preocúpase pola recompilación dos resultados (fotografías, materiais,...) Responde así ao recollido na presente convocatoria:

“...dispón os recursos de forma efectiva, orienta na súa utilización, diseña xunto co resto do profesorado programas de formación na busca, selección e uso das fontes informativas e o traballo documental, apoia propostas de proxectos interdisciplinarios que favorezan o uso dos recursos e a elaboración de traballos de investigación documental e axudar ao profesorado a que desde as súas materias reforce estas aprendizaxes...” Tamén participa na elaboración do presente proxecto para a súa presentación.